

“Unha novela de mar e aventuras con personaxes atípicos (a fidalga Mariña de Lobeira, por exemplo), metáforas cara ao presente e cun idioma moi coidado”

- “É ben traído o aventureirismo de dona Mariña como toque propio galego, que se desvía claramente d’A illa do tesouro.”
- “Como dicía Ferro Ruibal, sería bo traducir esta novela ao inglés e levala ó cine. O *timing* invita a pensar no cinema”.

“Gustoume moito a novela. Xa pode gustar cando se fan máis de 600 páxinas –máis as oportunas notas históricas – sen notar peso. Paréceme unha moi boa idea tomar unha historia derivada do inmenso Robert L. Stevenson e incluso tomarlles prestadas dúas personaxes coma Jim Hawkins e o doutor Livesey e facelos vivir unha aventura nesta costa galega chamada no libro Costa do Solpor.

-“Paréceme ademais que esta boa idea quedou ben resolta nun tránsito polo século XVIII nas que se adiviñan terras da Costa da Morte, que están presentes ata no idioma, moi coidado. Coidada tamén a parcela histórica, da que o autor algo sabe. (...)

-“Personaxes que me chamaron a atención: a protagonista, dona Mariña, a filla dun fidalgo atípico, don Cristovo de Lobeira. Nun principio a fidalga parecérame moi atípica, pouco crible para un personaxe-muller do século XVIII, pero logo, nunha breve investigación, [vin que] figuras femininas literarias deste tipo e no contorno desa época non son raras de atopar, e sempre son británicas (a soldado Hannah Smell, a mariñeira Mary Lacy ou a pirata Mary Read, que facía un tándem imbatible coa irlandesa Anne Bonny). (...) Pérez Galdós retratou a unha noble inglesa que se move entre as tropas de lord Wellington na Guerra da Independencia, pero non se atreveu a construír esta personaxe cunha española. Stevenson tampouco o fixo na súa novela, que se caracteriza precisamente pola ausencia de personaxes femininas. Ou sexa, que é ben traído o aventureirismo de dona Mariña como toque propio galego, que se desvía claramente d’A illa do tesouro.”

-“Outra personaxe que me chamou a atención: o ‘enmascarado da cabeza de pera’, o corsario da Coruña ao que se lle oculta o nome. (...)”

-“Máis. Esta non é a única personaxe, senón toda unha aldea, Vilasumisa. Vagos e con xiba de tanto abaixarse en submisión. Tal como os retrata, só lle faltou ao autor chamarlles ‘imbéciles e escuros’ e incluír no texto a palabra ‘subvención’ (non sei se existiría no século XVIII). Gustoume moito esta metáfora e di moito do sentimento do autor cara a determinadas actitudes e comportamentos dos galegos.”

-“E máis aínda. (...) O sabio de Vilastose, o escultor de Troitosende... Só unha persoa que coñeza moito a súa terra pode facer desfilar tal cantidade de personaxes da pequena historia da comarca. (...)

-“O presentador da novela en Santiago (20-3-2013), Xesús Ferro Ruibal, deixou ditas dúas cousas ás que me quero sumar. Unha, que sería moi bo traducir esta novela ao inglés. Parece que o pide ela mesma. (...) E outra, Ferro cría ver na novela un filme. Concorro, o *timing* da novela invita a pensar no cinema”.

(Carmen Coteló, 5 de novembro de 2013)